

Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES O DESFILE DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE O VALADOURO DO ANO 2020.

CAPÍTULO 1. CONCURSO DE DISFRACES

Primeira. Organización

A organización do concurso de disfraces corre a cargo do Concello de O Valadouro.

Segunda. Lugar e data

O desfile de disfraces celebrarase o domingo, 25 de febreiro de 2020 a partir das 17:00 h. polas principais rúas da vila de Ferreira.

O desfile realizará o seguinte percorrido:

- Saída: Parque Concepción Arenal
- Avda. Andrés López Palmeiro
- Praza de Santa María
- Avda. Andrés López Palmeiro
- Avda. de Viveiro (ata a número 17)

A colocación dos participantes dentro do desfile recaerá sobre os membros da organización.

En caso de que as condicións meteorolóxicas impidan a realización do desfile, segundo está especificado nesta base, trasladarase “integralmente” ó Pavillón Polideportivo Municipal.



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

En caso de activación dunha alerta meteorolóxica (decretada por AEMET/METEOGALICIA) o concello de O Valadouro poderá proceder a suspensión do evento.

A organización resérvase a posibilidade de facer pequenas reestruturacións tanto no horario como no percorrido previstos.

CAPÍTULO 2.- DOS PARTICIPANTES.

Primeira. Participantes

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen sen ningún tipo de discriminación racial, social, política, económica,...

Para poder participar no desfile e concurso de disfraces será preciso estar inscrito, cumprindo o determinado nestas bases, nalguna das modalidades que a continuación se establecen.

Segunda. Modalidades de participación

Ás categorías nas que estrutura este concurso son as seguintes:

Individual Infantil: nesta categoría poderán participar nenos e nenas ata 14 anos (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).

Parella Infantil: formarán parte as parellas de nenos e/ou nenas ata 14 anos (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

Grupo Infantil: encádranse os grupos de 3 ou máis membros, nos que, a metade máis un, non teñan 14 anos ou máis (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).

Individual Adulto: nesta categoría participarán persoas de 14 ou máis anos (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).

Parella Adulto: esta categoría estará formada por parellas nas que, polo menos, un dos seus compoñentes teña 14 anos ou máis (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).

Grupo Adulto: nesta categoría entran os grupos de 3 ou máis persoas, nos que, polo seu número de integrantes con 14 anos ou máis, non podan participar na categoría grupo infantil. (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020).

Comparsa: nesta categoría entran os grupos de persoas, con máis de 8 compoñentes e sen límites de idade, que, na súa posta en escena, só utilicen *turutas* e instrumentos musicais de percusión.

Unha comparsa de menos de 8 integrantes, participará dentro da categoría grupo adulto ou grupo infantil segundo lle corresponda pola idade dos seus integrantes.

Terceira. Inscripción de participantes

A inscrición realizarase segundo o modelo oficial (anexo I destas bases) facilitado polo Concello de O Valadouro e constitúe un requisito imprescindible que deben cumprir os participantes que queiran optar a un premio.

A inscrición para poder participar efectuarase no Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade “Manuel Lourenzo” de O Valadouro, desde a publicación destas



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

bases nos medios oficiais do concello do Valadouro e ata o 21 de febreiro, de luns a venres en horario de 10:00h. a 14:00h. e de 16:00h. a 20:00h e os sábados de 10:00h. a 13:00h. ou o mesmo domingo, día 25, desde as 15:00h. ata as 16:30 h., nas instalacións do parque Concepción Arenal.

Debido a documentación a presentar e para facilitar a organización da saída do desfile recoméndase a inscrición anticipada.

Cuarta. Do representante legal.

A efectos das presentes bases, o representante legal dun grupo é aquela persoa designada polos membros do grupo para que os represente e actúe como único voceiro ante a Organización, debendo figurar a súa identidade e designación no Anexo I.

O representante legal deberá indicar claramente o seu nome e apelidos, DNI, dirección, localidade, teléfono e dirección de correo electrónico.

As funcións e competencias do representante legal son as seguintes:

- a) Cumprimentar toda a documentación que se precise para poder participar no desfile.
- b) Presentar as posibles reclamacións ante a organización e unha vez comezado o concurso ante a persoa que exerza as funcións de secretaria do xurado, sempre por escrito e debidamente identificado. Ditas reclamacións, para que sexan valoradas pola organización ou o xurado, estarán rubricadas, polo menos, pola metade máis un dos compoñentes da agrupación.





CAPÍTULO 3º.- DO XURADO

Primeira.- Composición e funcións do xurado

O xurado estará presidido por un membro do Goberno Municipal con voz pero sen voto, ou persoa en quen se delegue, e composto por un mínimo de 4 vogais, maiores de idade, que non pertencen á organización do concurso.

A composición dos vocais será nun 50% de representantes das distintas asociacións veciñais do concello do Valadouro e noutro 50% de persoas relacionadas co mundo cultural de concellos da bisbarra.

A función do xurado será a de puntuar a cada un dos participantes no concurso para a posterior entrega dos premios.

Os membros do xurado actuarán libremente, por decisión propia sen mediación de terceiros.

O xurado contará cun secretario (persoal do concello de O Valadouro) que actuará con voz pero sen voto e que se encargará de levantar a acta de premios.

Segunda.- Normas de puntuación.

Para a puntuación dos concursantes valoraranse tres aspectos relevantes(a excepción de comparsas): *orixinalidade da idea, elaboración do disfrace e interpretación do personaxe.*

A) *Orixinalidade da idea.* Valorarase que se trate dunha idea non repetida e se se



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

relaciona con algún acontecemento da actualidade que se trate dun xeito orixinal.

B) Traballo de elaboración. Terase en conta, no seu conxunto, a elaboración do disfrace, a maquillaxe, a feitura, ... Sempre se puntuará negativamente aqueles disfraces dos que se sospeite que non foron elaborados polos concursantes, é dicir, que foron mercados tal cal se presentan.

C) Posta en escena. Puntuarase positivamente que os concursantes se metan no papel que intentan representar co seu disfrace.

Para a puntuación das comparsas valoraranse tres aspectos relevantes: *orixinalidade, baile e música.*

A) Orixinalidade: Valorarase a idea do disfrace.

B) Baile: Valorarase a visión en conxunto da comparsa e a súa variedade.

C) Música: Valorarase o son en conxunto da comparsa e a súa variedade.

Puntuarase de 0 a 9 cada aspecto a ter en conta, sendo 0 a puntuación máis baixa e 9 a máis alta. A puntuación de cada disfrace será a suma das puntuacións obtidas nos tres aspectos valorados. Ganará o premio o disfrace que acade a valoración máis alta.

En caso de empate, desempataríase co participante que conte puntuacións máis altas nalgún dos aspectos e de seguir empatado, abriríase un debate entre os membros do xurado para chegar a unha posible resolución. De non ser posible e sempre como última medida, levarase a cabo un sorteo entre os concursantes empatados.



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

Entre todos os participantes puntuarase ó disfrace ou grupo de disfraces que máis festa e humor realicen no transcurso do desfile.

CAPÍTULO 4.- DOTACIÓN ECONÓMICA DE PREMIOS E OUTROS IMPORTES DO DESFILE

Primeira.-Importes e categorías dos premios.

A contía máxima prevista destinada a premios ascende á cantidade de 3.130 euros. Dita contía repartirase, entre as seguintes categorías, como se detalla a continuación:

Individual Infantil: (220 euros)

1º premio: 100 euros
2º premio: 70 euros
3º premio: 50 euros

Individual Adulto: (320 euros)

1º premio: 150 euros
2º premio: 100 euros
3º premio: 70 euros

Parella Infantil: (280 euros)

1º premio: 120 euros
2º premio: 90 euros
3º premio: 70 euros

Parella Adulto: (380 euros)

1º premio: 170 euros
2º premio: 120 euros
3º premio: 90 euros

Grupo Infantil: (450 euros)

1º premio: 200 euros
2º premio: 150 euros
3º premio: 100 euros

Grupo Adulto: (620 euros)

1º premio: 300 euros
2º premio: 200 euros
3º premio: 120 euros

Comparsas: (800 euros)

1º premio: 400 euros
2º premio: 250 euros
3º premio: 150 euros

Humor/simpatía : (60 euros)

Premio único: 60 euros



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

De conformidade co artigo 75.3f do Real Decreto 439/2007 de 30 de Marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións, aprobado por Real decreto 304/2004, de 20 de febreiro, non existe obriga de practicar retención ou ingreso a conta sobre os mencionados premios, agás os que superen a contía de 300 euros.

CAPÍTULO 5.-: ENTREGA DE PREMIOS

Os gañadores dos premios coñeceranse en acto público, unha vez finalizado o desfile no pavillón polideportivo municipal de O Valadouro e despois da actuación musical.

Para a recollida de premios máis do 50% dos integrantes dos grupos e comparsas deberán estar presentes no acto. Recoméndase, na medida do posible, que os premiados acudan a recoller o premio ataviados coa indumentaria que participaron.

Os concursantes maiores de idade deberán ir documentados con DNI, Pasaporte, Tarxeta de Residencia ou calquera outro documento oficial que os identifique, para que, en caso de ser gañadores do premio ao mellor disface, poda constar a súa identidade na acta que se levantará ao efecto e que os identificará como gañadores do premio.

No caso de participantes menores de idade, se tivesen os documentos de identificación relacionados no paragrafo anterior, presentaranos, en todo caso, deberán ir acompañados do pai, nai, ou titor legal (coa súa correspondente



Desfile de Entravido

O VALADOURO 2020

documentación) para que poda responder do menor, en caso de ser gañador dun premio.

A falta de concorrencia destes requisitos ou a non presenza do premiado no acto de entrega, no momento do chamamento, implicará a perda do dereito a reclamar o importe do premio concedido.

O feito de que, da documentación presentada para reclamar o premio, se derivase o incumprimento, por calquera dos participantes ou grupos, das condicións establecidas nas presentes bases, en particular as relativas á idade, suporá automaticamente a perda do premio outorgado pasando dito premio ó seguinte participante por orde de puntuación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira: **da temática do disfrace**

Permítese tratar calquera tipo de temática sempre e cando non se chegue a considerar como un "insulto" a terceiros.

Disposición adicional segunda: **Da trata cos animais**

Permítese que no desfile participen animais domésticos, no caso de observarse algún tipo de maltrato animal a organización descalificaría ó participante e o concello de O Valadouro tomaría as medidas oportunas comunicándollo ás autoridades competentes.

Cada participante que leve no desfile un animal deberá de responsabilizarse, coa presentación ante a organización do último recibo de responsabilidade civil, por se este ocasionara algún dano a un terceiro.



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

DISPOSICIÓN FINAIS

Calquera persoa que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

Así mesmo, estas bases estarán publicadas na paxina web do concello de O Valadouro, no taboleiro de anuncios do centro socio-cultural, xuvenil e da terceira idade “Manuel Lourenzo” e no taboleiro de anuncios do concello de O Valadouro.

A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas. O non cumprimento delas desencadearía na exclusión e non participación no concurso da persoa ou persoas que non cumpriran estas.

Asínoa electrónicamente á marxe en O Valadouro, a 6 de febreiro de 2020 a Concelleira delegada de Cultura do concello de O Valadouro dona Josefina Geda Losada



Desfile de Entroido

O VALADOURO 2020

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2020

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome: C.I.F./N.I.F.

(A cubrir en caso de tratarse unha asociación, un/ha menor, grupo, empresa, individual...)

Idade do menor (a data 01 xaneiro 2020)

Representante: N.I.F.

Concello: Teléfono móbil: C.P.:

E-mail:

CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2020

Nome do disface:

Total participantes: Menores de 14 anos: Maiores de 14 anos:

Tipo: Categoría:

En caso de menores/menor de idade, como responsable do grupo, autorizoos/o a poder participar no desfile baixo a miña responsabilidade.

Observacións / anotacións:

No Valadouro, a

Sinatura

Dirixido á Concelleira Delegada de Cultura

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de O Valadouro con dirección en C/ Feira Nova, 1, CP 27770, O Valadouro. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. La lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento dunha obriga legal. Os datos persoais cederanse cando exista una obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar o suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita en la dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://valadouro.sedelectronica.es/info.0>

